

CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN EN ESO.

MARCO LEGAL.

“Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia”. (DOG Luns, 29 de xullo de 2015).

“Resolución do 27 de xullo de 2015 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia”. (DOG Mércores 29 de xullo de 2015).

“Resolución do 15 de xullo de 2016 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia”. (DOG Luns 1 de agosto de 2016).

“Resolución do 20 de xullo de 2017 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do currículo establecido no Decreto 86/2015 para implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia”. (DOG Martes 8 de agosto de 2017).

“Resolución do 9 de xuño de 2017 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a adopción das medidas necesarias para a aplicación do disposto no Real Decreto 562/2017, do 2 de xuño polo que se regulan as condicións para a obtención do título de Graduado en educación secundaria obrigatoria”. (9 de xuño de 2017).

CRITERIOS DE PROMOCIÓN EN E.S.O.

Os alumnos e as alumnas terán promoción de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en unha ou dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Lieratura.

Para os efectos de promoción de curso computarase como materias con avaliación negativa tanto as suspensas do propio curso como as de cursos anteriores. As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas.

As decisións de promoción con tres materias non superadas requirirán o acordo favorable da maioría simple do equipo docente.

De forma excepcional, unha vez realizadas as probas extraordinarias, o equipo docente poderá decidir a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

- a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Lieratura.
- b) Que o alumno/a non teña unha nota inferior a tres en ninguna das materias suspensas.
- c) Obrigatoriedade de presentarse a todas as materias pendentes na convocatoria extraordinaria.
- d) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.
- e) Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello.

Os alumnos e alumnas que non estean no caso precedente, non promocionan. quen teña promoción sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo.

O alumnado que curse o programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento promocionará ao cuarto curso se supera todos os ámbitos e materias que integran o programa. Para estes efectos, o ámbito de linguas estranxeiras terá a consideración dunha materia.

Non obstante, poderá promocionar o alumnado que, tendo superados os ámbitos lingüístico e social e científico e matemático, teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, e de maneira excepcional en tres, sempre que o equipo docente considere que o alumno ou alumna pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa. Deste xeito, e de forma excepcional, unha vez realizadas as probas extraordinarias, o equipo docente poderá decidir a promoción dun alumno ou unha alumna que curse o programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

- a) Que o alumno/a non teña unha nota inferior a tres en ninguna das materias suspensas.
- b) Obrigatoriedade de presentarse a todas as materias pendentes na convocatoria extraordinaria.

c) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.

d) Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello

O alumnado poderá permanecer un ano máis no segundo curso do programa, sempre que o equipo docente considere esta medida como a máis adecuada para cursar cuarto curso da educación secundaria obrigatoria pola vía ordinaria, e obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas, o alumnado que promocione a cuarto curso con materias ou co ámbito de linguas estranxeiras do programa pendentes, deberá seguir un programa de reforzo adaptado ás súas características e necesidades.

CRITERIOS DE TITULACIÓN NA E.S.O.

O alumnado que ao terminar a educación secundaria obrigatoria teña avaliación positiva en todas as materias e teña acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Así mesmo, obterá o título aquel alumnado que, unha vez realizadas as probas extraordinarias, finalice a etapa con avaliación negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e que o equipo docente considere que o alumno ou alumna ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.

Para os efectos de titulación computarase como materias con avaliación negativa tanto as suspensas do propio curso como as de cursos anteriores. As materias coa mesma denominación en diferentes cursos consideraranse como materias distintas.

As decisións de titulación con tres materias non superadas requirirán o acordo favorable da maioría simple do equipo docente.

Excepcionalmente, unha vez realizadas as probas extraordinarias, o equipo docente poderá decidir a titulación dunha alumna ou un alumno con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá.

- b) Que o alumno/a non teña unha nota inferior a tres en ninguna das materias suspensas.
- c) Obrigatoriedade de presentarse a todas as materias pendentes na convocatoria extraordinaria.
- d) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.

Os alumnos e alumnas que non estean nos caso precedente, non titulan.